

O SISTEMA DE GARANTÍAS NO QUINQUENIO DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO 1997-2001

JULIO A. VÁZQUEZ NAVARRETE
Economista

Recibido: 13 outubro 1998

Aceptado: 10 maio 1999

Resumo: O acordo séptimo do Consejo de Política Fiscal y Financiera de 23 de setembro de 1996 crea un sistema de garantías que vela pola conservación do equilibrio financeiro e a suficiencia do sistema de financiamento das comunidades autónomas. Posteriormente, e ante a previsible evolución negativa dalguna das variables daquel, o propio Consejo acordou en abril de 1998 a modificación dalguna destas garantías, así como a creación dunha cuarta. Nas liñas que seguen intentaremos debullar cada unha das garantías, así como analiza-la evolución futura en función de determinadas hipóteses de traballo.

Palabras clave: Sistema de financiamento / Corresponsabilidade fiscal / Solidariedade territorial / Sistema de garantías / Participación en ingresos / Produto interior bruto / Ingresos tributarios axustados estructuralmente.

THE SYSTEM OF GUARANTEES IN THE 1997-2001 AUTONOMOUS FINANCING QUINQUENNIUM

Summary: The seventh Accord of the Council of Financial and Fiscal Policy of 23 September 1996 creates a Guarantee System that aims at keeping financial equilibrium and the readiness of the Treasury System of Autonomous Communities and in view of the foreseeable negative evolution of some of the variables of same; the Council itself resolved in April 1998 the modification of some of these guarantees; as well as the creation of a fourth one. In this paper it will be attempted both to examine carefully each one of those Guarantees and analyse the future evolution in accordance with certain working hypotheses.

Keywords: Financing system / Fiscal corresponsibility / Territorial solidarity / Guarantee system / Revenue sharing / Gross domestic product / Tax revenue structurally adjusted.

INTRODUCCIÓN

O 23 de setembro de 1996, o Consejo de Política Fiscal y Financiera aprobou o Sistema de financiamento autonómico para o quinquenio 1997-2001. O novo modelo naceu sobre a base do sistema anterior, utilizando as mesmas variables e ponderacións aplicadas naquel para a distribución da subvención. Non obstante, introduciu novedades importantes non só do tipo cualitativo senón tamén do cuantitativo: a principal foi a cesión de capacidade normativa sobre unha parte do imposto sobre a renda das persoas físicas, inicialmente un 15% da tarifa con proxección de ser aumentada esta porcentaxe, nun futuro inmediato, ata o 30%.

Co fin de evitar posibles desviacións nos resultados do modelo de financiamento, ó introducirse novos mecanismos de corresponsabilidade fiscal (a tarifa complementaria do IRPF e a participación nos ingresos territoriais do imposto), o propio Sistema de financiamento creou un fondo de garantía que se integra dentro dos mecanismos de solidariedade do sistema e que se conformou coas seguintes garantías:

- 1) Garantía dun límite mínimo de crecimiento dos recursos por IRPF.
- 2) Garantía de suficiencia dinámica.
- 3) Garantía de cobertura na demanda de servicios públicos.

Posteriormente, e ante o previsible cambio dalgunha das magnitudes que inciden directamente no financiamento das comunidades autónomas (ITAE, presión fiscal do IRPF, etc.), o Consejo de Política Fiscal y Financiera aprobou o denominado "Acordo único de abril de 1998", que consta de catro puntos:

- 1) Un apoio xenérico (e necesario) á reforma do IRPF enviada polo Goberno ó Parlamento.
- 2) A determinación de que a reducción da tarifa será asumida únicamente polo Goberno central.
- 3) A garantía do PIB nominal para os recursos do IRPF.
- 4) O establecemento dunha nova garantía para a PIE no PIB nominal.

A continuación analizaremos polo miúdo os contidos descritos anteriormente, así como a articulación de cada unha das garantías.

O SISTEMA DE GARANTÍAS NO ACORDO DE FINANCIAMENTO 1997-2001

LÍMITE MÍNIMO DE EVOLUCIÓN DOS RECURSOS POR IRPF

Segundo esta garantía, cada comunidade autónoma debe obter, no conxunto do quinquenio, un crecimiento dos recursos proporcionados pola tarifa complementaria do IRPF e, de se-lo caso, a participación territorial nese imposto debe ser igual, como mínimo, ó incremento que no mesmo período experimente o PIB estatal expresado en termos nominais.

No caso de que o referido incremento do PIB deite un valor superior ó experimentado pola recadación do Estado por IRPF no mesmo período quinquenal, a garantía de crecimiento mínimo do financiamento de cada comunidade autónoma polos mecanismos do imposto será do 90% do citado incremento do IRPF estatal.

Aínda que a aplicación da garantía se refire exclusivamente ós resultados globais alcanzados por cada comunidade autónoma no conxunto do quinquenio, a súa aplicación poderá realizarse anualmente. Polo tanto, en cada ano do quinquenio practícase unha liquidación atendendo ás seguintes regras:

- A) Determínanse os índices en función do ano base que representen as seguintes variables:

- 1) O rendemento obtido pola comunidade autónoma, polos mecanismos do IRPF. Se esa comunidade autónoma fixo uso da súa capacidade normativa, computarase o rendemento que houbese de non ter exercido a potestade normativa.

- 2) A recadación líquida do Estado polo IRPF.
- 3) O PIB do Estado en termos nominais.

B) Comparación dos índices descritos anteriormente.

Ind_1 = Rendemento do IRPF na comunidade autónoma.

Ind_2 = Recadación líquida do Estado por IRPF.

Ind_3 = Crecemento do PIB nominal do Estado.

- Se $Ind_1 > Ind_3$, tómase como prevalecente o menor: Ind_3 .
- Se $Ind_2 < Ind_3$, tómase como prevalecente o menor: Ind_2 , pero a súa contía multiplicase por 0,9 e réstaselle despois Ind_1 .

Se a diferencia establecida pola regra precedente é positiva, a comunidade autónoma percibe con cargo ó Fondo de garantía o importe que resulte do producto dessa diferencia.

Pola contra, se a diferencia é cero ou negativa e nos anos precedentes o Estado non pagou cantidade ningunha á comunidade autónoma con cargo ó Fondo, non produce ningún efecto. En caso de que o Estado satisfixera á comunidade autónoma cantidades con cargo ó Fondo nalgúns dos anos precedentes, a comunidade deberá devolverlle esas cantidades.

GARANTÍA DE SUFICIENCIA DINÁMICA

Esta garantía pretende evita-las posibles desviacións que se produzan no reparto do volume total de recursos entre as comunidades autónomas polo peso relativo dos distintos mecanismos financeiros do sistema e as distintas taxas de evolución deses mecanismos. Neste sentido, o sistema garante a cada comunidade autónoma, durante o quinquenio, un incremento de recursos non inferior ó 90% do incremento que experimenten os recursos computables do conxunto das comunidades autónomas. Son ingresos computables, para os efectos desta garantía, os que se obteñen procedentes do IRPF —participación territorial e tarifa autonómica—, así como os derivados da PIE.

$$\{GSD_i = 5FT_i - [5FT_i \{1 - (Fq_i - 5Fb_i) / 5Fb_i\} - 5FT_i]0,9 - FQ_i$$

sendo, GSD_i o resultado quinquenal da garantía de suficiencia dinámica para a comunidade i ; FT_i o financiamento que debe recibir la comunidade i polo sistema

en valores do ano base; Fq_i , o financiamento obtido no conxunto do quinquenio por tódalas comunidades autónomas e polos mesmos mecanismos que integran FT_i ; Fb_i , o financiamento total asignado no ano base a tódalas comunidades autónomas polos mesmos mecanismos; e FQ_i , o financiamento total real, no quinquenio da comunitade autónoma determinada, por aplicación da tarifa complementaria regulada por lei estatal.

Esta garantía será nula cando o resultado final da fórmula anterior dea un saldo igual a cero ou negativo. Sen embargo, se o resultado é positivo, a comunitade autónoma recibirá a cantidade que corresponda segundo a formulación descrita anteriormente.

A comprobación desta garantía efectuarase anualmente no momento da liquidación definitiva correspondente a cada exercicio do quinquenio, áinda que a liquidación definitiva levarase a cabo ó finaliza-lo quinquenio 1997-2001.

CAPACIDADE DE COBERTURA DA DEMANDA DE SERVICIOS PÚBLICOS

O seu obxectivo é a diminución das diferencias que puideran existir entre as comunidades autónomas no financiamento por habitante, unha vez se producira o traspaso dos servicios de educación ás comunidades do artigo 143. Desta forma, o fondo garante que, no último ano do quinquenio, o financiamento por habitante de cada comunitade autónoma obtido polos mecanismos do sistema, non poderá ser inferior ó % do financiamento medio por habitante de tódalas comunidades autónomas. Para determinalo valor dos devanditos mecanismos, computarase o rendemento dos tributos cedidos e taxas con criterio normativo, os dos tramos da participación nos ingresos do Estado polo seu valor real e o rendemento da tarifa complementaria do IRPF regulada por lei.

$$GCDS_{P_i} = (F/P)0,9 - (F_i/P_i)$$

onde $GCDS_{P_i}$ é a garantía de cobertura na demanda de servicios públicos da comunitade i no ano n ; F/P o financiamento non-condicionado per cápita do conxunto de comunidades autónomas; F_i/P_i o financiamento non-condicionado per cápita da comunitade autónoma i .

Se o resultado obtido pola fórmula descrita é negativo, terá valor cero. Se é positivo, áinda deben aplicarse uns coeficientes en función do ano:

- Se se trata do ano 1998: 0,25.
- Se se trata do ano 1999: 0,50.
- Se se trata do ano 2000: 0,75.
- Se se trata do ano 2001: 1,00.

As garantías descritas anteriormente presentan como última característica unhas regras de prioridade e exclusión na súa aplicación: en primeiro lugar, determinase e aplícase a garantía relativa ó límite mínimo de evolución dos recursos por IRPF. Estes recursos consideráñanse financiamento computable para establecer a posición da comunitade autónoma respecto das outras garantías. Cando unha comunitade autónoma ten dereito a recibir recursos por suficiencia dinámica e por cobertura na demanda de servicios públicos só percibirá aquela de maior importe. Finalmente, en ningún caso o sistema de garantías descrito se consolidará entre os mecanismos do sistema.

O ACORDO ÚNICO DE ABRIL DE 1998 DO CONSEJO DE POLÍTICA FISCAL Y FINANCIERA

O terceiro punto do Acordo do CPFF modifica a regra de funcionamento do primeiro dos fondos de solidariedade descritos anteriormente, e que definía o Acordo de financiamento 1997-2001. O sistema de financiamento, inicialmente, garantía que o incremento das cantidades que cada comunitade autónoma percibiría polos recursos relacionados directamente co IRPF no conxunto do quinquenio, non podía ser inferior ó incremento que experimentara esa masa de recursos no caso de que esta evolucionase coma o PIB estatal expresado en termos nominais.

Só nun suposto a evolución do PIB se vería alterada, e isto sucedería cando o incremento que obteña o Estado por IRPF evolucione a unha taxa inferior do que evolucionara o PIB; tomáñase nese caso como garantía o % do incremento estatal por IRPF.

Agora, tralo Acordo único de abril de 1998, as comunidades terán como garantía sempre, áinda que a evolución do IRPF sexa á baixa, o crecimiento do PIB nacional en termos nominais. Para ilustrar mellor a explicación anterior busquemos dous exemplos: pensemos nun crecemento nominal do PIB do 4% e un crecemento da recadación do IRPF do 6%. Coas regras de garantía iniciais, se a comunitade A tiña unha taxa de crecemento do IRPF no seu territorio dun 5% garantíaselle un crecemento nos recursos vía IRPF do 4%. Poñamos agora outro exemplo: crecemento nominal do PIB do 6%, crecemento da recadación por IRPF do 5%. Se a comunitade B ten unha taxa de crecemento no seu territorio do 4%, coas regras anteriores garantíaselle un 90% do 5% de crecemento do IRPF estatal, é dicir, un crecemento do 4%.

Coa aplicación do novo método, que nace do Acordo único de abril de 1998, no caso da comunitade A non habería modificación ningunha; sen embargo, para a comunitade B, a garantía de crecemento sería a do PIB nominal: 6%.

O Acordo de abril establece como cuarto elemento unha nova garantía de crecemento da PIE, que no Acordo de financiamento 1997-2001 viña determinada

pola evolución dos ITAE, sen topes máximos nin mínimos. Con este novo Acordo do CPFF establecese un crecemento mínimo da PIE igual á evolución do PIB nominal nacional.

$$Ind_4 = ITAE$$

$$Ind_5 = PIB$$

$$Ind_4 > Ind_5 \Rightarrow Ind_4$$

$$Ind_4 < Ind_5 \Rightarrow Ind_5$$

HIPÓTESE DE TRABALLO

Co fin de analiza-las distintas garantías que nacen do Acordo de financiamento autonómico 1997-2001 e do Acordo único de abril de 1998, establecemos diversas hipóteses de traballo para cada unha das variables relevantes:

- O PIB en termos nominais. Establecemos unha taxa de crecemento do 4% anual.
- ITAE. Neste caso, consideramos dúas hipóteses diferentes: taxas de crecemento do 3 e do 4%.
- Recadación por IRPF en territorio común. Neste epígrafe consideramos tres posibles taxas de crecemento do IRPF no conxunto do territorio común: 3, 4 e 5%.
- Recadación por IRPF en cada unha das comunidades autónomas de réxime común. A referencia utilizada neste epígrafe é a seguinte: obtémo-la taxa de crecemento da recadación líquida do IRPF por comunidades autónomas no período 1994-1997.
- Coa finalidade de que a análise rexional sexa o máis homoxénea posible e as comunidades do artigo 143 da Constitución poidan absorbe-lo 30% do imposto sobre a renda, supuxemos que estas comunidades accederon ós niveis competenciais das de nivel superior. Nesta liña de hipóteses, estimouse que as comunidades do artigo 143 asumen a competencia de educación non-universitaria no ano 1997.

A combinación das distintas variables relevantes, defínenos os seguintes escenarios:

Escenarios	Taxa crec. PIB	Taxa crec. ITAE	Taxa crec. rec. IRPF	Taxa crec. recad. por CC.AA.
A	4	3	3	Índice 1994-1997
B	4	4	3	Ídem
C	4	3	4	Ídem
D	4	4	4	Ídem
E	4	3	5	Ídem
F	4	4	5	Ídem

A continuación imos analiza-lo comportamento de cada unha das catro garantías a través dos escenarios descritos anteriormente:

- Garantía do límite mínimo de evolución dos recursos por IRPF.* En cada un dos escenarios considerados, a garantía alcanza a cifra total de 106.982,85 millóns de pesetas.

O feito máis importante é que, independentemente do horizonte temporal no que se move o crecemento do IRPF, a garantía alcanzaría a mesma contía. O motivo deste comportamento homoxéneo entre escenarios é a modificación efectuada en abril de 1998 na garantía 1. Na súa versión inicial, o modelo garantía unha compensación estatal se o PIB nominal medraba por debaixo da recadación do IRPF estatal; daquela, as comunidades autónomas vían aumentalos seus recursos por IRPF como mínimo igual ó crecemento do PIB nominal. Por outro lado, se a evolución do IRPF era inferior á do PIB, a garantía do fondo só alcanzaba o 90% do IRPF. Agora, trala novidade do Acordo de abril de 1998, as comunidades autónomas terán como garantía sempre o crecemento do PIB nacional en termos nominais.

Por territorios Baleares, Cataluña, Canarias e Murcia son as rexións más perceptoras de fondos.

- Garantía de suficiencia dinámica.* O comportamento desta garantía nestes escenarios pon de manifesto que, coas hipóteses coas que operamos, alcanzaría o valor 0, é dicir, ningunha comunitade autónoma percibiría cantidade ningunha. Esta característica explícase pola súa concepción: son os distintos compoñentes dos ingresos das comunidades autónomas os que determinan a súa participación e, polo tanto, ó medraren aqueles no ámbito territorial por riba do 90% do crecemento medio, explica que o seu valor sexa 0 cando o crecemento dos recursos por IRPF se atope preto ó dos ITAE.

- Garantía de cobertura de demanda de servicios públicos.* A observación dos distintos escenarios indica que independentemente do xogo que lles deamos ás distintas variables (ITAE, PIB e IRPF estatal), a contía daquela é semellante nos distintos escenarios: A, C e E: 29.888,10 millóns de pesetas; B, D e F: 30.879,88 millóns de pesetas. A Comunidade Autónoma perceptora é sempre a mesma: Valencia; isto mostra como este territorio ten unha dotación por habitante inferior ó resto de comunidades autónomas.

4) *Garantía de crecimiento da PIE.* En relación á cuarta, última e más nova garantía, os resultados dos escenarios poñen de manifesto que, dependendo do comportamento do PIB respecto dos ITAE, a contfa total daquela, pasará de ser 0 (escenarios B, D e F) a 282.876,63 millóns de pesetas (escenarios A, C e E). As comunidades autónomas perceptoras son todas, destacando Andalucía e Galicia como as rexións máis beneficiadas pola garantía. A tendencia da garantía é ascendente a medida que o diferencial entre o crecemento do PIB e os ITAE aumenta.

Sistema de garantías. Resumo. Escenario A

	<i>Garantía 1</i>	<i>Garantía 2</i>	<i>Garantía 3</i>	<i>Garantía 4</i>
Cataluña	24.738,04	0,00	0,00	17.189,91
Galicia	5.440,16	0,00	0,00	30.549,76
Andalucía	2.956,58	0,00	0,00	74.898,62
Valencia	0,00	0,00	29.888,10	19.947,90
Canarias	22.261,14	0,00	0,00	16.769,38
Asturias	0,00	0,00	0,00	8.474,24
Cantabria	3.398,87	0,00	0,00	5.681,43
A Rioxa	2.829,73	0,00	0,00	1.979,41
Murcia	16.840,98	0,00	0,00	9.237,94
Aragón	0,00	0,00	0,00	9.003,73
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	21.793,67
Estremadura	3.327,50	0,00	0,00	16.879,00
Baleares	25.189,85	0,00	0,00	5.058,99
Madrid	0,00	0,00	0,00	17.469,25
Castela-León	0,00	0,00	0,00	27.943,42
<i>Total xeral</i>	<i>106.982,85</i>	<i>0,00</i>	<i>29.888,10</i>	<i>282.876,63</i>

FONTE: Axencia Tributaria. Elaboración propia.

Sistema de garantías. Resumo. Escenario B

	<i>Garantía 1</i>	<i>Garantía 2</i>	<i>Garantía 3</i>	<i>Garantía 4</i>
Cataluña	24.738,04	0,00	0,00	0,00
Galicia	5.440,16	0,00	0,00	0,00
Andalucía	2.956,58	0,00	0,00	0,00
Valencia	0,00	0,00	30.879,88	0,00
Canarias	22.261,14	0,00	0,00	0,00
Asturias	0,00	0,00	0,00	0,00
Cantabria	3.398,87	0,00	0,00	0,00
A Rioxa	2.829,73	0,00	0,00	0,00
Murcia	16.840,98	0,00	0,00	0,00
Aragón	0,00	0,00	0,00	0,00
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	0,00
Estremadura	3.327,50	0,00	0,00	0,00
Baleares	25.189,85	0,00	0,00	0,00
Madrid	0,00	0,00	0,00	0,00
Castela-León	0,00	0,00	0,00	0,00
<i>Total xeral</i>	<i>106.982,85</i>	<i>0,00</i>	<i>30.879,88</i>	<i>0,00</i>

FONTE: Axencia Tributaria. Elaboración propia.

Sistema de garantías. Resumo. Escenario C

	<i>Garantía 1</i>	<i>Garantía 2</i>	<i>Garantía 3</i>	<i>Garantía 4</i>
Cataluña	24.738,04	0,00	0,00	17.189,91
Galicia	5.440,16	0,00	0,00	30.549,76
Andalucía	2.956,58	0,00	0,00	74.898,62
Valencia	0,00	0,00	29.888,10	19.947,90
Canarias	22.261,14	0,00	0,00	16.769,38
Asturias	0,00	0,00	0,00	8.474,24
Cantabria	3.398,87	0,00	0,00	5.681,43
A Rioxa	2.829,73	0,00	0,00	1.979,41
Murcia	16.840,98	0,00	0,00	9.237,94
Aragón	0,00	0,00	0,00	9.003,73
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	21.793,67
Estremadura	3.327,50	0,00	0,00	16.879,00
Baleares	25.189,85	0,00	0,00	5.058,99
Madrid	0,00	0,00	0,00	17.469,25
Castela-León	0,00	0,00	0,00	27.943,42
<i>Total xeral</i>	<i>106.982,85</i>	<i>0,00</i>	<i>29.888,10</i>	<i>282.876,63</i>

FONTE: Axencia Tributaria. Elaboración propia.

Sistema de garantías. Resumo. Escenario D

	<i>Garantía 1</i>	<i>Garantía 2</i>	<i>Garantía 3</i>	<i>Garantía 4</i>
Cataluña	24.738,04	0,00	0,00	0,00
Galicia	5.440,16	0,00	0,00	0,00
Andalucía	2.956,58	0,00	0,00	0,00
Valencia	0,00	0,00	30.879,88	0,00
Canarias	22.261,14	0,00	0,00	0,00
Asturias	0,00	0,00	0,00	0,00
Cantabria	3.398,87	0,00	0,00	0,00
A Rioxa	2.829,73	0,00	0,00	0,00
Murcia	16.840,98	0,00	0,00	0,00
Aragón	0,00	0,00	0,00	0,00
Castela-A Mancha	0,00	0,00	0,00	0,00
Estremadura	3.327,50	0,00	0,00	0,00
Baleares	25.189,85	0,00	0,00	0,00
Madrid	0,00	0,00	0,00	0,00
Castela-León	0,00	0,00	0,00	0,00
<i>Total xeral</i>	<i>106.982,85</i>	<i>0,00</i>	<i>30.879,88</i>	<i>0,00</i>

FONTE: Axencia Tributaria. Elaboración propia.

BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ CORBACHO, J. (1997): *La reforma de la financiación autonómica y su incidencia en Galicia*. (Documento de Traballo de Economía Aplicada, núm. 3, (marzo). Santiago de Compostela: IDEGA.

- CARAMÉS VIÉITEZ, L. (1996): "O financiamiento autonómico", *Revista Galega de Economía*, vol. 5, núm. 1, pp. 55-64.
- CARAMÉS VIÉITEZ, L.; VÁZQUEZ NAVARRETE, J. (1997): *Los problemas de la financiación autonómica: una perspectiva desde Galicia*. Santiago de Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- EZQUIAGA, I.; GARCÍA, F. (1998): "La reforma del IRPF y las comunidades autónomas", *Cuadernos de Información Económica*, núm. 135, pp. 65-69. Fundación de las Cajas de Ahorros Confederadas.
- MARTÍN AYALA, J.M. (1997): "El Fondo de Garantía", *Revista Palau* 14, núm. 29, pp. 51-77. Generalitat Valenciana.
- VÁZQUEZ NAVARRETE, J.A. (1997): "Un análisis del nuevo Sistema de financiación autonómico: corresponsabilidad fiscal y solidaridad territorial", *Revista Galega de Economía*, vol. 6, núm. 2, pp. 187-226.

A FECUNDIDADE DE OURENSE: NOVA ESTIMACIÓN E EVOLUCIÓN COMPARADA, 1981-1991¹

PABLO VISO OUTEIRIÑO / RAMÓN VAAMONDE PORTO
Departamento de Historia e Instituciones Económicas
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 19 novembro 1998

Aceptado: 10 maio 1999

Resumo: Na evolución recente da poboación de Galicia existe un grave problema de datos que distorsiona as análises que, dende a demografía ou as disciplinas que pretendan busca-las causas dos seus acontecimentos, fan referencia á súa provincia interior. Este traballo ten unha dobre finalidade: corrixi-las cifras oficiais e presentarlle unha aproximación ó curso da fecundidade nun período e nun espazo que ata o momento se presentaban escuros e confusos.

Palabras clave: Demografía / Fecundidade / Galicia / Ourense / Século XX / Corrección de estadísticas.

FERTILITY IN OURENSE: NEW ESTIMATION AND COMPARATIVE EVOLUTION, 1981-1991

Summary: In Galician population recent evolution there is a serious data problem that affects certain analysis which; in demography or studies that intend to explain the causes of events; refers to Ourense area. This paper has a double aim: to correct official figures and to make an approach to the course of fertility in a time and place that until now remain dark and troublesome.

Keywords: Demography / Fertility / Galicia / Ourense / 20th century / Statistics corrections.

INTRODUCCIÓN

A mediados dos anos setenta a Europa meriodional comeza a experimentar uns notables descensos nos seus niveis de fecundidade, similares ós acontecidos un lustro antes no norte do continente. No decorrer da seguinte década España rexistra a caída ininterrompida de maior intensidade de toda a actual Unión Europea e, ata hoxe en día, a diferenza doutros países non presenta síntomas sensibles de recuperación.

Galicia non é allea a este proceso; cun perfil evolutivo similar ó do conxunto español, a caída da fecundidade é de tal magnitudo que converte este fenómeno no

¹ Este traballo foi elaborado no marco do proxecto de investigación *Desenvolvemento rexional e rural en Ourense (2ª fase)* finanziado pola Fundación Florencio Álvarez (Ourense); unha primeira versión foi presentada no Congreso de Economía de Galicia: Desenvolvemento e Globalización, realizado na Facultade de Ciencias Económicas de Santiago de Compostela os días 23-25 de setembro de 1998.